



Barizo, Abella, Blanco, Alfeirán e Varela conversaron durante dúas horas na Fundación Pondal. **A. GARCÍA**

Abella e Blanco reeditaron no Couto a presentación literaria de fai 20 anos

CARBALLO / LA VOZ

Coincidindo cos vinte anos do paso polo Couto dos escritores Concha Blanco e Xelucho Abella para presentar os seus libros infantís *A misteriosa montaña de Pena Negra* e *Gundar e o Cabalo de oito patas*, a Fundación Eduardo Pondal volveunos reunir a pasada fin de semana na parroquia pontecesá para protagonizar unha nova

sesión das súa Cova Céltica.

Acompañados polo profesor Xurxo Alfeirán e polo patrón do *Castelao* José Barizo —asesor de Abella en cuestións mariñeiras—, e con Xosé Manuel Varela Varela coma moderador e Sofía González na parte técnica —gravando a sesión—, os dous autores lembraron os actos celebrados dúas décadas atrás e fixeron un repaso de

cuestións como a importancia da lingua e a evolución da literatura infantil en galego. Sen esquecerse de anécdotas como o feito de que en ambas obras aparece un lagarto. A sesión estivo precedida dunha das merendas animadas para os máis novos que dirixen Tamara Lema, Silvia Losada, Alba Costa e Esteban Rey, e prolongouse por espazo de case dúas horas.